



CONCELLO DE REDONDELA

## ACTA DA XUNTANZA ORDINARIA DO CONSELLO PARROQUIAL DE SAXAMONDE 30 DE MARZO DE 2016

### ORDE DO DÍA

- 1.- Aprobación acta anterior**
- 2.- Nomeamento de representante e suplente para a redacción do novo regulamento de participación cidadá**
- 3.- Orzamentos participativos**
- 4.- Varios**

No Centro Cultural Chan das Pipas de Saxamonde, sendo as vinte horas do día trinta de marzo de dous mil dezaseis, logo da convocatoria, reuníronse os seguintes membros :

#### REPRESENTANTES DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS

PSOE .- José Carlos García Taibo

BNG.- Xoan Carlos González Campo

#### REPRESENTANTES DAS ASOCIACIÓNS CULTURAIS

José L. Tornero López

#### REPRESENTANTES DA COMUNIDADE DE MONTES

Manuel José Moldes Senra

Félix Vila Alonso

#### REPRESENTANTES DA ASOCIACIÓN DE MULLERES (ARELA)

María Luz Viñas Otero, incorporouse ás 20.45 horas

#### REPRESENTANTES DAS COMUNIDADES DE AUGAS

Manuel Álvarez Bernárdez

Ricardo Martínez Fernández

Guadalupe Martínez Crespo

Todos/as eles/as baixo a Presidencia, por delegación do Sr. Alcalde, de MARÍA JOSÉ BARCIELA BARROS, asistidos/as de min, Elisa Vieites Piquenque, coa finalidade de celebrar a xuntanza do Consello Parroquial de Saxamonde convocada para o día de hoxe.

### **1.- Aprobación acta anterior**

Sométese a votación a aprobación da acta da xuntanza celebrada en data 2 de decembro de 2015.

Manuel José Moldes Senra di que na acta non se recolleu a seguinte manifestación:



O colector do saneamento dos Valos tería que ir pola parte máis baixa para coller todas as casas.

A Presidenta di que colle 35 casas e que o proxecto non pode abarcar ao mesmo tempo as casas de arriba e as de abaixo. Leva un topo dende o cruce ata o cambio de sentido. Quedan algunhas casas atrás e se terán que in engadindo con outros pequenos proxectos, porque o colector ten que ser máis grande e a caída non da.

Félix Vila Alonso pregunta onde vai o colector.

A Presidente di que dende a cuneta da estrada ata o topo que cruza.

Manuel José Moldes Senra di que hai que consultar coa parroquia cando se van a facer cousas.

A Presidenta di que quedou con el e máis con Félix para dicirlle como ía o proxecto.

Félix Vila Alonso pregunta canto custa e canto a achega o Concello. A Presidenta di que 200.000 euros e que o Concello achega todo.

Xoan Carlos González Campo di que os cartos son da Deputación de Pontevedra.

José Luis Tornero López di que entón o Concello non achega nada dos seus propios cartos.

A Presidenta informa que a Deputación da uns cartos todos os anos ao Concello e éste distribúeos.

Xoan Carlos González Campo di que os cartos son da Deputación e se teñen que investir baixo unha premisas que están fixadas.

Se incorpora a intervención de Manuel José Moldes Senra, quedando a acta aprobada pola maioría das/os membros presentes coa abstención de José Carlos García Taibo, Manuel Álvarez Bernárdez e Guadalupe Martínez Crespo por non teren asistido á xuntanza.

## **2.- Nomeamento de representante e suplente para a redacción do novo regulamento de participación cidadá**

Por unanimidade das/os membros dos colectivos veciñais acórdase nomear a:

Titular: José Luis Tornero López

Suplente: Ricardo Martínez Fernández



### **3.- Orzamentos participativos**

Félix Vila Alonso di que se enviou un correo electrónico no que se preguntaba cales ían ser os investimentos do Concello na parroquia coa finalidade de non coincidir cos participativos.

A Presidenta di que o Consello terá que dicir onde queren investir os cartos. Indica que está previsto facer o saneamento do Souto e o asfalto do Camiño dos Frades, que vai dende vidamar ata o cruce que sube para o Souto.

Xoan Carlos González Campo pregunta se se van facer beirrúas. A Presidenta informa que só é alfartado e canalización.

José Luis Tornero López pregunta de se vai arranxar a Senda da Auga e o Camiño do Castelo. A Presidenta di que si.

José Luis Tornero López di que se as/os membros do Consello Parroquial teñen claro o que o Concello vai facer en Saxamonde se poderá decidir mellor no que se queren adicar os cartos dos participativos, por exemplo hai parroquias nas que os lomos de burra os fixo o Concello e en Saxamonde tivéronse que facer cos cartos dos participativos. Mandarase un correo electrónico cos investimentos dos participativos.

### **4.- Varios**

A Presidenta entrega o proxecto de sanemento dos Valos para que sexa consultado na xuntanza do consello parroquial.

Félix Vila Alonso di que para ver un proxecto hai que pararse e que non se pode ver así de rápido.

A Presidenta di que non o pode deixar e que para consultalo detidamente ten que ser nas dependencias do Concello. O proxecto é claro leva 35 casas.

Manuel José Moldes Senra pregunta cando lle vai tocas as casas que quedan fora.

A Presidenta di que se establecerán prioridades, e o técnico que fixo o proxecto pode vir a explicalo.

José Luis Tornero López di que o técnico pode estar equivocado en deixar fora as vivendas que non entran no proxecto, e se puido facer de tal xeito que entraran todas. Hai unha resolución apoiada nun informe do arquitecto que di que un proxecto era inviable e se debería ter traído ao consello parroquial.



CONCELLO DE REDONDELA

A Presidenta di que de entre tantos proxectos non é tan grave que un saia mal.

José Luis Tornero López di que ese non é problema, que no que incide é que non se comunicara ao consello parroquial cando é algo que repercute na parroquia. O imfore do arquitecto é do 2 de xullo .

A Presidenta di que creía que se tivera comentado nalgunha xuntanza do consello parroquial, e que o novo proxecto fíxose cun bombeo para catro casas.

Manuel José Moldes Senra pregunta quen corre co bombeo. A Presidenta informa que Aqualia.

Félix Vila Alonso di que o sistema de bombeo non é unha solución porque á larga trae problemas.

Manuel José Moldes Senra di que habería que levalo abaixo.

A Presidenta di que non dan autorización.

Manuel José Moldes Senra di que o Concello ten que traballar para que Fomento e as outras administracións dean o permiso necesario para facer ben a obra.

José Luis Tornero López di que cando se trate de particulares existe a expropiación.

A Presidenta di que é moi lenta e cando se vai facer un saneamento se hai problemas haberá que facelo por onde se poida.

Manuel José Moldes Senra di que parece que so hai problemas en Saxamonde.

A Presidenta di que en Cedeira levoulle máis dun ano e hai moitos outros lugares con bombeo e funcionan ben.

Félix Vila Alonso di que para un proxecto que vai ser longo o bombeo non é solución. A Presidenta di que poden falar cos técnicos.

Félix Vila Alonso di que haberá que facer escritos para que Augas de Galicia deixe cruzar o río.

José Lus Tornero López di que sempre hai unha solución, cando o problema é difícil e se poden tomar medidas extraordinarias. Por exemplo cando foron as inundacións falouse incluso de dragar o río e as dragas están prohibidas e se hai que cruzar o río de xeito excepcional haberá que pedilo.



Félix Vila Alonso pregunta polas seguintes obras que se necesitan en Saxamonde:

- Camiño do Tombo se se vai a facer a canalización das augas pluviais. A Presidenta di que non se mira correr a auga. Félix Vila di que é cando chove. A Presidenta di que hai unha tajea. Félix Vila di que se meteu zahorra e se está desfacendo. A Presidenta di que vai mirar por onde se pode facer a cuneta.

- Camiño Casal do Monte como vai o proxecto de ADIF. A Presidenta di que ten que preguntar. Félix Vila di que esa é a mesma resposta que se deu en anteriores ocasións. A Presidenta di que depende de ADIF. Félix Vila di que é o Concello o que ten que preguntar como vai.

- Calexón de Estrela se se vai a solicitar que se inclúa no inventario municipal como camiño público para podelo limpar. A Presidenta di que non está no inventario e que a maleza ven dunha finca privada. José Luis Tornero López di que o Concello pode mandar cortar. A Presidenta di que moitos terreos non están rexistrados e é difícil saber de quen é, asemade buscar aos propietarios é moito traballo para os traballadores do Concello, que non son moitos. Félix Vila di que esa é unha competencia do Concello.

José Luis Tornero López pregunta que datos se necesitan para que se poida limpar unha finca.

A Presidenta di que ten que haber unha denuncia no Concello e pode ser dalgún veciño.

José Luis Tornero López di que pode ser o propio Consello Parroquial.

Félix Vila Alonso di que se algo se pide no Consello Parroquial é para que se faga e xa se pedira que se inventariara éste.

O Consello Parroquial de Saxamonde propón por unanimidade das/os membros presentes que se tramite a inclusión do Calexón de Estrela no inventario municipal.

- A Fonte de San Román está en terreo baldío e que habería que cortar o platanero.

O Consello Parroquial de Saxamonde propón ao Concello de Redondela por unanimidade das/os membros presentes que se tomen as medidas necesarias para evitar o deterioro da Fonte da San Román.



- Na Fonte do Preto houbo un investimento que quedou a medias. Hai un nacente de auga e habería que rehabilitala. A Presidenta di que o manancial está en terreo de montes e que non se ve auga ningunha.

Félix Vila Alonso di que algo está atuíndo e a auga sae por outro lado.

- Fonte dos Valos, Manuel José Moldes Senra di que ten un saneamento mal feito.

- No Camiño do Souto fíxose unha canaleta, levouse unha máquina e deixouse un tubo exactamente do mesmo diámetro que o que había. A única diferenza é que o tubo de agora é de plástico. Tapouse con zahorra e a reixa que se deixou é moi pequena e a auga vai polos lados da estrada. Poderíase ter feito ben o traballo e quedou mal.

A Presidenta di que foi alí co encargado e se quedou en meter dúas reixas e un tubo novo. Cando foi alí o encargado dixo que cunha reixa era suficiente e se daba problema meteríase outra.

Félix Vila Alonso di que se entra nun bucle porque nunca se fan ben as obras dende o principio. Esta obra fíxose o 4 de marzo de 2016 e non é a solución máis correcta.

- No Camiño da Quiringosta metéronse uns tubos onde había unha pequena poza e un tubo atravesando a estrada. Nuns días se volveu a pasar o tubo para o outro lado.

A Presidenta di que por abaixo hai unha tajea e non houbo maneira de desatuila polo que se tivo que meter o tubo e unha arquet que recolle a auga.

Manuel Álvarez Bernárndez di que non hai poza a auga está no outro lado da estrada, esa auga ten que ir abaixo ao salto. A auga non se pode coller porque é de regantes e ven do monte.

A Presidenta di que se meteron 20 metros de tubo sen ter necesidade.

Félix Alonso Vila di que non se asfaltou. A Presidenta di que se vai asfaltar, pero primeiro ten que repisar.

- No Camiño Albarroz hai que ampliar a curva, se ampliou un metro na marxe esquerda e está mellor do que estaba.

- Na Senda da Auga arranxar o Camiño do Castelo.

- Na Senda da Auga arranxar detrás dos vestiarios. A Presidenta di que xa se meteu un tubo de 250. Manuel José Moldes Senra di que ese tubo é pequeno.



CONCELLO DE REDONDELA

- No cruce do Camiño Souto co Camiño Tombo hai tubos e pasa o río co asfalto no aire porque se meteu para adentro. A Presidenta di que se vai reparar o que caiu.

- Dende o Camiño Padrón ata o Camiño de Sapal dous tercios da estada está caída coas chuvias que houbo. A Presidenta di que está na valoración das riadas.

- Na ponte da vía en Casal do Monte caiu unha rebouza e hai patas de formigón da varanda no aire con perigo de colarse por abaixo. Este tema xa se falara con Cándido.

- Na entrada do Outeiro hai unha parada de autobún enfronte baixa unha auga de rego e non se recolle dando á nacional con perigo de aquaplaning e cando ven pouca auga xea. A Presidenta di que se enviará a Urbanismo.

A Presidenta informa que onde está a marquesiña os veciños pediron un vial para entrar e no seu día un veciño cedía. Félix Vila Alonso di que hai unha solicitude para a saída do autobús.

A Presidenta di que na Pedreira os veciños tamén pediron un acceso.

Xoan Carlos González Campo di que a Deputación contactou cos concellos para adoptar medidas de redución de velocidade e pregunta se o Concello de Redondela fixo algunha solicitude.

A Presidenta di que se solicitaron lomos de burra, pero ten que ver donde.

Félix Vila Alonso di que se tiñan solicitado lomos de burra para o Camiño Romano.

E non habendo máis temas na orde do día, o Presidente levanta a sesión, sendo as vinte e dúas horas e quince minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que se estende a presente ACTA, da que coma Secretaria do Consello DOU FE.